ESQUEMA RESUMO

CARACTERÍSTICAS DA LITERATURA E DA POESÍA NO EXILIO

- Londres, México, Venezuela, EEUU e principalmente Bos Aires foron as cidades ás que se trasladaban as letras galegas desde a represión franquista na Galicia do interior, Revistas como *Vieiros, Galeuzca*; editoriais como *Citania* ou *Emecé editores*; programas radiofónicos como *Galicia emigrante*, así como sociedades diversas (centros galegos, o *Consello da Cultura*) son as encargadas de divulgar a cultura galega.
- O xénero dramático (grazas ás múltiples compañías de teatro creadas) e especialmente o poético son os máis desenvoltos.
- Predominio de contidos reivindicativos (a liberdade, a emigración) e intimistas (a saudade como sentimento maioritario nos exiliados e emigrantes).
- Estilisticamente os poemas teñen influencias do vangardismo e do prosaísmo, ao estilo de Celso Emilio Ferreiro.
- A literatura fomentouse a través dos centros galegos e das tertulias (por exemplo a do Café Tortoni en Bos Aires).
- Esta literatura salvou a lingua escrita culta da súa desaparición ou vulgarización e estimulou a actividade cultural na Galicia do interior.

Autores	Obras	Características
Luís Seoane	*Fardel do eisilado* (1952)	Socialrealismo centrado na emigración.
	Na brétema, Sant-Iago (1956)	Evocación da Galicia medieval.
	As cicatrices (1959)	Temática histórica
	A maior abondoamento (1972)	Emigración, civismo e recreación histórica.
Lorenzo Varela	*Catro poemas pra catro gravados* (1944)	Temática mítico-histórica.
	Lonxe (1954)	Saudade, ausencia da terra por mor do exilio. Temática mítico-histórica centrada na Guerra Civil.
Emilio Pita	*Jacobusland* (1942)	Compromiso político e lirismo.
	Cántigas de nenos (1944)	Estética vangardista.
	Os relembros. As cantigas (1959)	A imaxe e a musicalidade adquiren unha grande importancia.
	Polos camiños do pobo (1963)	Poesía social
Florencio Delgado Gurriarán	*Galicia infinda* (1963)	Hilozoísta
Ernesto Guerra da Cal	*Lua de além-mar* (1958)	Saudade e procura existencial.

A POESÍA DE POSGUERRA 1936 – 1975

- A **poesía** en certa maneira é un xénero privilexiado se o comparamos coa narrativa, no que se refire á cantidade de obras producidas nunha época adversa para as letras en lingua galega e a apertura literaria. As primeiras obras desde 1936 son *O amor, o mar, o vento e outros gozos* (1938) de Ángel Sevillano, e *Cómaros verdes* (1947) de Aquilino Iglesia Alvariño. A difusión da maioría das obras foi a través da colección poética Benito Soto, do suplemento cultural sabatino do xornal *La Noche* e da Editorial Galaxia. Adoita falarse destas tres xeracións poéticas, todas elas condicionadas desde o punto de vista temático pola represión franquista.

	ORIENTACIÓNS E XERACIÓNS POÉTICAS		
	Xeración do 36	**Promoción de Enlace**	**Xeración das Festas Minervais**
Tendencias	• Seguen as tendencias anteriores: poética paisaxística e intimista. O hilozoísmo e neotrobadorismo seguíronse a cultivar, pero xa sen a orixinalidade das vangardas. • Outras orientacións: clasicismo, relixiosidade, intimismo e socialrealismo prosaico de Celso E. Ferreiro.	• Intimismo, experimentado de maneira persoal en cada poeta, existencialismo e poesía relixiosa. Continúa a preocupación social por riba da dimensión estética do poema.	• Destaca a **Escola da Tebra** (pesimismo e existencialismo) e o discurso **socialrealista**, pero agora cun afán de superación e de modernidade, xa que procurarán renovar a linguaxe e os recursos estilísticos do poema. Os escritores teñen influencias da literatura estranxeira: cultura francesa e anglo-americana principalmente.
Características xeracionais	• Nacen entre 1910 e 1920. • A súa formación débese aos homes Nós e ás vangardas. • Sofren directamente a Guerra Civil.	• Nacen entre 1920 e 1930. • Non coñeceron a fondo a Guerra Civil aínda que a viviron de mozos. • A súa formación está marcada polo illamento cultural que sufríu España. • Son escritores bilingües, comezan a escrita en castelán.	• Nacen entre 1930 e 1940. • A súa formación débese as figuras históricas de Galaxia, aos homes da Xeración do 36 e a Celso E. Ferreiro. • Pertencen a unha pequena burguesía vilega liberal e republicana. • Non coñecen a guerra. • Actitude inconformista e renovadora como resposta ao clima represivo da ditadura. • Destacan dous grupos xeracionais: o **compostelán**, que representou o galeguismo culturalista, e o **Grupo Brais Pinto**, reivindicador do galeguismo político na liña marxista.

ESCRITORES E OBRAS DA XERACIÓN DO 36		
Autores	**Obras**	**Características das obras**
Aquilino Iglesia Alvariño	*Señardá* (1930)	50 sonetos con influencias saudosistas e modernistas.
	Corazón ao vento (1933)	Paisaxismo en estrofas populares na liña de Noriega Varela e do hilozoísmo.
	Cómaros verdes (1947).	Paisaxismo con ausencia de rima e influencia do neotrobadorismo e hilozoísmo, calidade rítmica e sonora do verso.
	De día a día (1960), *Lanza de soedá* (1961), *Nenias* (1961)	Poemarios de diferente contido. O último son un conxunto de cantos fúnebres a escritores galegos.
Xosé Mª Díaz Castro	*Nimbos* (1961)	Importancia da relixiosidade. Recorrencia dos símbolos relacionados coa «luz» e coa «sombra». Lembranza do paraíso perdido da infancia. Elaborada musicalidade do verso cun ritmo conciso.
Álvaro Cunqueiro	*Dona do corpo delgado* (1950)	Poemario neotrobadorista pouco vangardista.
	Herba aquí ou acolá (1980)	Subxectiviza sobre os grandes mitos. Reflexiona sobre a identidade humana e sobre a presenza serena da dor e da morte. Este poemario renovou a poesía galega.
Luís Pimentel	*Sombra do aire na herba* (1958)	Poemario con influencias vangardistas e modernistas. Pimentel é o poeta do «misterio» (medos, desacougos, silencios), o poetas dos nenos e, asemade, o escritor que describe o provincianismo da cidade de Lugo.
Celso Emilio Ferreiro	*Longa noite de pedra* (1962)	Poemario socialrelaista no que innova a linguaxe ao introducir rexistros da fala cotiá ou a xerga, e recursos estilísticos como o fonosimbolismo e a onomatopea.
	Viaxe ao país dos Ananos (1968)	Crítica sarcástica e irónica contra os emigrantes desgaleguizados e contra a sociedade de consumo e contra o capitalismo.
	Cantigas de escarnio e maldecir (1968), *Cemiterío privado* (1973) e *Antipoemas* (1972)	Poemarios sarcásticos de crítica á sociedade.
	O soño sulagado (1955), *Terra de ningures* (1969), *Onde o mundo se chama Celanova* (1975)	Poemarios intimistas onde xorde a vea máis lírica do autor: o amor, a nai, a súa terra natal e a súa infancia, principalmente.

Temos outros escritores pertencentes a esta xeración como:

- **Ricardo Carballo Calero:** *Pretérito Imperfeito* e *Futuro Condicional*, **Maria Mariño:** *Verba que comenza* (1966), poesía intimista, **Pura Vázquez:** *Íntimas* (1952) e *Maturidade* (1955), na liña paisaxística, nostálxica e amorosa **e Xosé María Álvarez Blázquez:** Poemarios neotrobadoristas como *Poemas de ti e de min* (1949), *Cancioneiro de Monfero* (1953) e o intimista *Roseira do teu mencer* (1950).

ESCRITORES PERTENCENTES Á PROMOCIÓN DE ENLACE		
Autores	**Obras**	**Características das obras**
Antón Tovar Bobillo	*Arredores* (1962), *Non* (1967)	Segue a liña existencialista (conciencia do eu e da soidade), a preocupación social (rebeldía fronte a unha realidade cruel e inxusta) e o intimismo (queixa pola irreversibilidade do tempo que volve cinsa todo).
	Nos 80 e 90 publica *Calados esconxuros (1980), Berros en voz baixa (1990)* e *A nada destemida (1991)*	
Luz Pozo Garza	*O paxaro na boca* (1952)	Amor, forte sensualidade, linguaxe exuberante.
	Verbas derradeiras (1976)	Amor, desamor, angustia existencial; expresión minimalista, esencializada.
	Concerto de outono (1981); *Códice Calixtino* (1986)	Vitalismo sensual, cunha maior serenidade elexíaca.
	Prometeo a flor de loto (1991), *Memoria Solar* (2004) *As arpas de Iwerddon* (2005)	Desde o amor reflexiona sobre a a vida e a morte.
Manuel Cuña Novás	*Fabulario Novo* (1952)	Este poemario abre a Escola da Tebra: dor, desarraigo existencial, angustia e soidade do ser humano.

ESCRITORES DA XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS		
Autores	**Obras**	**Características das obras**
Manuel María	*Muiñeiro de brétemas* (1950), *Morrendo a cada intre* (1952)	Poemarios existencialistas (visión atormentada da existencia).
	Terra Chá (1954), *Poemas ao Outono* (1977)	Descritivismo paisaxista, na liña de Uxio Novoneyra.
	Documentos persoaes (1958)	Denuncia da situación que Galicia vive presentada a través do humor e a retranca.
Uxio Novoneyra	*Os eidos. Libro do Courel* (1955), *Poemas caligráficos* (1979), *Muller pra lonxe* (1987)	Poesía paisaxística na liña de Noriega Varela e A. Iglesia Alvariño, cun ton existencialista (o home en soidade ante a natureza que se entrega á reflexión sobre a vida e a morte; e a paisaxe vivida intimamente, contemplada e humanizada). Linguaxe na que domina a exclamación e a aliteración. Uso de caligramas a partir dos anos 60.
Xohana Torres	*Do sulco* (1959)	Intimismo, transgresión da norma lingüística reflectida no aspecto gráfico e dominio profundo do ritmo e da musicalidade.
Bernardino Graña	*Poema do home que quixo vivir* (1959)	Existencialismo (estética da angustia e da dor existencial).
	Profecía do mar (1966),	Poeta do dinamismo (enumeración caóticas...), poesía intimamente unida á natureza (ambiente marítimo) e denuncia a destrución do mar e da terra.
	Non vexo Vigo nin Cangas (1975).	Socialrealismo.
	Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen (1980), *Sima-Cima do voar do tolo* (1984) e *Himno verde* (1992).	Temática amorosa, denuncia ecolóxica contra a destrución do país, sentimento de alienación do ser humano nunha sociedade tecnificada e mercantilizada na que se converte en obxecto.
X.L. Méndez Ferrín	*Voce na néboa* (1957)	Existencialismo con presenza do elemento imaxinario e fabulador.
	Poesía enteira de Heriberto Bens(1980)	Socialrealismo en ton elexíaco e construtivo, e prosaísmo con influxos surrealistas.
	Con pólvora e magnolias (1976)	Abre as portas do cambio de rumbo poético nos 80, superando a poesía cívica. Culturalismo (cine, literatura medieval, vangardas, cultura urbana...). Linguaxe: sintaxe non-convencional, riqueza léxica, abundancia de recursos estilísticos.
	O fin dun canto (1982), *Erótica* (1992), *Estirpe* (1994), *Era na selva de Esm* (2005) e *Contra Maquieiro* (2006)	

Arcadio López Casanova	*Sonetos de esperanza presentida* (1965), *Palabra de honor* (1967)	Cunha visión desesperada do mundo.
	Mesteres (1976)	Destaca o exilio, a morte, a infancia, a metapoesía, o desamparo, o pesimismo, como constantes no libro. Afástase do socialrealismo coloquial.
Salvador García Bodaño	*Ao pé de cada hora* (1967). *Tempo de Compostela* (1979)	Compromiso coa patria e intimismo.
A. Avilés de Taramancos	*O tempo no espello* (1982), que inclúe os poemarios *As moradías do vento* (1954), *A frauta i o garamelo* (1959).	Recompilación de 30 anos de poesía.
Xosé Luís Franco Grande	*Entre o si e o non* (1967), *O tempo á espreita* (1987)	Poemarios existencialistas e saudosistas.